

## ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 4 de novembro de 2009

### ASISTENTES:

#### Membros :

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D. Eudasio Álvarez Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

### NON ASISTEN:

D. José Manuel Mariño Mendoza

### Invitados:

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dezaoto minutos do día catro de novembro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

#### **1(1559).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1560).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA LA ADQUISICIÓN DE XOGOS PARA PARQUES INFANTÍS. EXPTE. 4625/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 23.10.09, o informe de fiscalización, do 3.11.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 3.11.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto de 238.000 euros para a contratación do subministro de xogos para parques infantiles que se imputarán a partida 4326.629.00.00 do presuposto do ano 2009.

2º.- Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación para o subministro de xogos para parques infantiles do concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 10-06-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministros por procedemento aberto con múltiples criterios de data 03-11-2009 e tramitación ordinaria.

3º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Diario Oficial de Galicia.

**3(1561).- AMPLIACIÓN DO CONTRATO DE MANTEMENTO DE PARQUES INFANTÍS. EXPTE. 4757/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 8.10.09, conformado pola concelleira de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a revisión de prezos do contrato de mantemento e conservación de parques infantís do Concello de Vigo, adxudicado á empresa Contenur S.L., pola Xunta de Goberno local de 29 de marzo de 2005, fixando dito prezo a partir do 1 de maio de 2009 na cantidade de 267.214,94 €, ive engadido.

A empresa deberá descontar sobre o importe facturado perante os meses de maio a setembro de 2009 a cantidade de 223,13 euros.

2º.- Aprobar a revisión extraordinaria do prezo do contrato de mantemento de Parques Infatís do Concello de vigo, por modificación das superficies obxecto do contrato, por un importe de 66.643,00 €/ano.

**4(1562).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE EQUIPAMENTO DE ACTIVIDADES MUSICAIS NO PARQUE TECNOLÓXICO DE VALADARES. EXPTE. 2574/336.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta realizada pola Mesa de Contratación celebrada o 2.11.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a empresa FEYJU GALICIA, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de construción de equipamento de actividades musicais no parque tecnolóxico de Valadares (expediente 2574-336) por un prezo total de 1.437.228,38 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 198.238,40 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incrementa a aportación ó control de calidade na porcentaxe do 2,3 % pasando do 0,2% fixado nas follas de características do contrato ó 2,5 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 5 anos respecto do prazo de 1 ano fixado nas follas de características do contrato, co que o prazo total de garantía é de 6 anos.
- Destina a cantidade de 112.905, 00 euros á execución da totalidade das melloras o proxecto relacionadas nas follas de características do contrato.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-09-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Xustificante de ter aboado os anuncios de licitación, 606,22 euros.

Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

**5(1563).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DA REDE DE SANEAMENTO DA PARROQUIA DE CANDEÁN. EXPTE. 52/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 29.10.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Construcciones Crespo, S.L. o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras do proxecto de ampliación da rede de saneamento de Candeán (Expte. 52-440) coas seguintes características:

- Prezo total de 411.392,52 euros
- Incremento do prazo de garantía de 48 meses.
- Incrementa a aportación ó control de calidade nun 2%.
- Aporta 4 persoas a maiores sobre o mínimo esixido das que 4 procederán da situación legal de desemprego.
- Oferta a execución das seguintes melloras:
  - Revestimento con morteiro de alta resistencia en pozos: 177 unidades..
  - Tapas de rexistro Rexel 177 unidades.
  - Aumento da superficie a pavimentar con MBC cun ancho de un metro ó ancho dun carril.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, prego de condicións técnicas e proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 25-02-2009 e a oferta presentada.

**6(1564).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUN POLIDEPORTIVO EN CANDEÁN. EXPTE. 8688/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 30.10.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Naos Arquitectura, S.L.C o Procedemento negociado sen publicidade para a contratación da redacción do proxecto de construción dun polideportivo en Candeán. (expte 8688-333).coas seguintes características:

- Prezo total de 69.484 euros.
- Redución do prazo de execución: 15 días.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, prego de condicións técnicas e proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 24-08-2009 e a oferta presentada.

**7(1565).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL DA CASA DO CESTEIRO. EXPTE. 3339/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 27.10.09, conformado polo delegado da Área de Patrimonio Histórico, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Gberno Local de 16-10-2006 acordou contratar con Van Divulgación Cultural, S.L. a xestión do centro de Artesanía Tradicional e da Casa do Cesteiro.*

*Na cláusula 2.3 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexiu á contratación establecíase como prazo do contrato o de dous anos contado dende o día seguinte a aquel no que se asine o contrato. O contrato asinouse o 15-11-2006, polo que o contrato comezou o 16-11-2006. En esta mesma cláusula e no apartado 7.3 da Folla de especificacións do contrato (FEC) prevíase a posibilidade de prorrogalo contrato por periodos anuais ata un máximo de dúas prorrogas previo acordo expreso do órgano de contratación.*

*A Xunta de Goberno Local celebrada o 17-11-2009 acordou a prorroga dun ano do contrato.*

*A xefa do Servizo de Patrimonio Histórico propón a prorroga do contrato.*

*A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:*

*Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 16-11-2009 ó 15-11-2010 do contrato para a xestión do centro de Artesanía Tradicional e da Casa do Cesteiro adxudicado a Van Divulgación Cultural, S.L. por acordo da Xunta de Goberno de 16-10-2006.*

*O importe da prorroga será de 78.661,75 euros, sen perxuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputaran á partida 4531 2270601 de acordo coa seguinte distribución: 9.832,73 euros no ano 2009 e 68.829,02 euros no ano 2010.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e oito minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.